



Concello da Coruña

# EXPLORA LA COSTA CORUNESA

coa guía da aventura!



# ¡Comezamos!

Prepárate para descubrir a flora e fauna da Coruña nesta guía para a aventura coa que **aprenderás todos os segredos do ecosistema que nos rodea.**

Cantos destes animais e plantas poderás atopar...? Preparados, listos... Xa!



# No verán...

As aves mariñas voan libres sobre o mar, a auga brilla baixo o sol, a xente goza dos verdes prados e a Torre de Hércules reloce de alegría.

Se queres atopar a todos os animais nesta estación deberás fixarte ben, xa que algúns deles son moi pequenos e estarán agochándose da calor.



# Macaón ou cola de andoriña

## Papilio machaon

ESP: Macaón | ENG: Swallowtail | POR: Borboleta-cauda-de-andorinha

Bolboreta que chama moito a atención polo debuxo das súas ás. Cando chega a época de reprodución, machos e femias chegan ao alto dos outeiros para facer voos que namoran á súa parella.



# Furabuchos balear

## Puffinus mauretanicus

ESP: Pardela balear | ENG: Balearic shearwater | POR: Fura-bucho das Baleares

Ave en perigo de extinción. Se non a protexemos, pode chegar a desaparecer para sempre! Só cría nas Illas Baleares, pero viaxa ás nosas costas no inverno.

[Link](#) - Atribución: [Marcabrera, CC BY-SA 2.0](#) vía Wikimedia Commons



# Rato de campo

## Apodemus sylvaticus

ESP: Ratón de campo | ENG: Wood mouse | POR: Rato-do-campo

Pequeno mamífero moi común en todo o continente, capaz de vivir en moitos ambientes diferentes. Ten un pelaxe curto e marrón, agás na cola.

[Link](#) - Atribución : © Hans Hillewaert / [CC BY-SA 4.0](#)



# Cirrio común

## Apus apus

ESP: Vencejo común | ENG: Common swift | POR: Andorinhão-preto

Ave que vive nos acantilados, aínda que está moi presente nas cidades, onde fai os seus niños nos edificios. É capaz de realizar todas as súas actividades mentres voa, agás aniñar.

[Link](#) - Atribución: [pau.artigas](#), [CC BY-SA 2.0](#), vía Wikimedia Commons



# Anduriña común

## Hirundo rustica

ESP: Golondrina común | ENG: Barn Swallow | POR: Andorinha-das-chaminés

Ave de cor negra con brillos azuis e co ventre branco, co rostro vermello. Ten unhas ás longas e afiadas e unha cola longa en forma de V.

[Link](#) - Atribución: [caroline legg](#), [CC BY 2.0](#), vía Wikimedia Commons



# Lavandeira amarela

## Motacilla flava

ESP: Lavandera boyera | ENG: Western yellow wagtail | POR: Alvéola-amarela

Ave que normalmente ten ventre amarelo e a cabeza e as ás de tons grises ou marróns, aínda que existen diferentes variacións de cores.





# Especies invasoras

Ás veces, algunhas actividades humanas provocan a chegada de novas especies procedentes doutras rexións do mundo: transporte internacional, comercio de seres vivos, liberación de mascotas...

Estas especies poden ser daniñas para as especies locais, por exemplo, destruíndo o seu fogar ou envelenándoas.

Estes organismos tan perigosos chámanse especies invasoras e son unha das maiores ameazas da natureza.



# Herba do coitelo

## Carpobrotus edulis

ESP: Uña de gato | ENG: Hottentot-fig | POR: Chorões

Planta con follas en forma de unlla, que chegou ao noso país como planta de decoración, moi típica en xardíns.



# Plumeiro da Pampa

## Cortaderia selloana

ESP: Plumero de la Pampa | ENG: Pampas grass | POR: Capim-dos-pampas

Planta invasora que medra nas zonas costeiras, cunha forma moi singular que recorda a unha pluma. Agora mesmo representa un problema para a natureza en case todos os países do mundo.



# Sargazo xaponés

## Sargassum muticum

ESP: Sargazo japonés | ENG: Japanese sargasso weed | POR: Sargaço-japonês

Alga xaponesa e chinesa que chegou ás nosas costas coas augas que transportan os barcos. É capaz de resistir grandes cambios no ambiente e crece moi rápido, o que fai que a súa invasión sexa moito máis grave.



[Link](#) - Atribución: [Lamiot](#), [CC-BY-SA 4.0](#), vía Wikimedia Commons



Concello da Coruña

2

# ILLAS DE SAN PEDRO



XUNTA  
DE GALICIA



Financiado por  
la Unión Europea



GOBIERNO  
DE ESPAÑA  
MINISTERIO  
DE INDUSTRIA  
Y TURISMO



Plan de Recuperación,  
Transformación  
y Resiliencia





# No verán...

Durante o verán, igual que na estación da primavera, nas Illas de San Pedro podemos gozar das espectaculares cores das flores, así como ver algunhas aves mariñas voando sobre o ceo despexado.

Este é un dos mellores momentos para explorar a natureza das nosas costas e gozar do bo tempo.



# Silene dioica

## Silene dioica

ESP: Borbonesa | ENG: Red campion | POR: Silene dioica

Pequena planta cuxas flores de cor violeta brillante podemos ver entre os meses de abril e agosto.



# Pardela cincenta atlántica

## Calonectris borealis

ESP: Pardela cenicienta atlántica | ENG: Cory's shearwater | POR: Cagarra-do-atlântico

Ave mariña de ás longas e delgadas e pico amarelo e robusto, cunha plumaxe escura, excepto no ventre e nas ás, que son de cor branca. É un animal que poderás ver criando nas nosas costas.



# Rabirrubio tizón

## Phoenicurus ochruros

ESP: Colirrojo tizón | ENG: Black redstart | POR: Rabirruivo-preto

A principal característica que podemos observar neste paxaro (e que ademais lle dá nome) son as plumas de cor avermellada que presenta na cola, mentres que o resto é escuro. É un paxaro ao que lle gusta vivir nos acantilados, aínda que tamén é frecuente velo nas cidades.

Link - Atribución: [Luiz Lapa from Oeiras, Portugal, CC BY 2.0](#), vía Wikimedia Commons





# Lavatera cretica

## Lavatera cretica

ESP: Malva | ENG: Cornish mallow | POR: Malva-alta

Planta que medra entre herbas, nas marxes dos camiños, en praias e en zonas costeiras rochosas. Podemos ver a súa flor entre os meses de marzo e xullo. Estas flores son de cor malva e teñen raias dun ton máis escuro sobre os seus pétalos.

[Link](#) - Atribución: [H. Zell](#), [CC BY-SA 3.0](#), vía Wikimedia Commons




# Uva de raposo

## Sedum album

ESP: Uva de gato | ENG: White stonecrop | POR: Arroz-dos-telhados

Planta suculenta, é dicir, que almacena gran cantidade de auga nas súas follas, por iso son anchas e carnosas. As súas flores aparecen na primavera e no verán e son de cor branca. O seu talo pode medrar de distintas formas: en vertical ou reptando polo chan.

[Link](#) - Atribución: [Björn S...](#), [CC BY-SA 2.0](#), vía Wikimedia Commons






Concello da Coruña

# 3

# PORTO E CIDADADE



# A lonxa



O porto é una importante fonte de riqueza para a cidade da Coruña, e dentro del é moi importante a lonxa, lugar a onde chegan e podemos mercar os peixes que no día a día incluimos nas nosas comidas.



# Peixe sapo

## Lophius piscatorius

ESP: Rape blanco | ENG: Anglerfish | POR: Tamboril

Peixe que vive agochado no fondo do mar, agochado na area. Parece que está esmagado e ten unha mandíbula moi grande, e usa un cebo que semella unha presa para atraer outros peixes.

[Link](#) - Atribución: [Gordito1869](#), [CC BY 3.0](#), vía Wikimedia Commons



# Polbo

## Octopus vulgaris

ESP: Pulpo | ENG: Common octopus | POR: Polvo

Animal que moitos consideran case case un extraterrestre. Gústalle vivir só e é moi intelixente e flexible. A súa boca parece un pico, ve moi ben de lonxe e escóndese con moita facilidade, xa que se pode camuflar como un camaleón.



# Pescada

## Merluccius merluccius

ESP: Merluza | ENG: European hake | POR: Pescada

Peixe alongado, de cor gris, máis claro polos lados e brillante na barriga. Vive no fondo do mar, entre o lodo ou a area, e no inverno non adoita achegarse á costa. Ten unha boca grande chea de dentes afiados para cazar as súas presas.

[Link](#) - Atribución: [Fernando Losada Rodríguez](#), [CC BY-SA 4.0](#), vía Wikimedia Commons





# Sardiña

## Sardina pilchardus

ESP: Sardina | ENG: European pilchard | POR: Sardinha

Peixe de cor azul, con barriga de cor verde e prateada que vive en moitas zonas do mar, achegándose á costa na primavera. Para protexerse, xúntase con outras sardiñas, formando grandes bancos de peixes.

[Link](#) - Atribución: [José Antonio Gil Martínez, CC BY 2.0](#), vía Wikimedia Commons





Concello da Coruña

# 4

# PRAIAS



XUNTA  
DE GALICIA



Financiado por  
la Unión Europea



GOBIERNO  
DE ESPAÑA  
MINISTERIO  
DE INDUSTRIA  
Y TURISMO



Plan de Recuperación,  
Transformación  
y Resiliencia



# As nosas praias

As praias da costa da Coruña ofrecen una rica e gran variedade de fauna e flora costeira. Na superficie podemos encontrar aves mariñas e diferentes plantas, mentres que baixo a auga podemos encontrar un mundo fascinante con ourizos de mar, anémonas e algas mariñas.

**Recorda: cada praia é un ecosistema único que debemos coidar.**



# Riazor

Riazor é unha das poucas praias de España situadas no centro dunha cidade, e a súa característica forma de cuncha está rodeada polo Paseo Marítimo da Coruña.

Sempre chea de bañistas coruñeses e turistas, é unha praia aberta, ventosa e con ondas que a converten nun lugar ideal para facer surf e outros deportes de praia.



# Orzán

Orzán é a praia irmá de Riazor, e por iso comparten case todas as súas características.

Ambas están separadas polo coñecido «Rompeolas», un gran muro que axuda a controlar as fortes ondas, e que conta cunha gran escultura en forma de lazo branco sobre el, en honra aos heroes e heroínas que rescataban á xente no mar.



# Matadero

A praia de Matadero é unha pequena praia no centro da Coruña, moi preto de Riazor e Orzán, pero máis resgardada que as outras dúas. É unha praia con vento suave e ondas moi suaves onde tamén se practica o surf.



# As Lapas

A praia das Lapas atópase ao pé da gran Torre de Hércules na Coruña. Non é unha praia moi grande e está moi resgardada polo seu entorno natural, o que a fai un lugar tranquilo e acolledor para gozar do mar.



# San Amaro

San Amaro é unha pequena praia de area branca e fina, ubicada na cidade da Coruña. As súas augas son tranquilas e frías, pero con ondas moi suaves, o que a converte nun lugar moi agradable para gozar do sol e do mar.



# San Roque

San Roque é unha pequena praia da Coruña moi resgardada, cun ambiente moito máis tranquilo que o das grandes praias da cidade. A súa area grosa está rodeada dun fondo rochoso que a fai moi especial, pero co que hai que ter moito coidado á hora de bañarse e pasear.



# Portiño

O Portiño é unha pequena praia semiurbana na Coruña situada no entorno do Parque de Bens, preto dun pequeno porto para pequenos barcos e chaláns. Conta con zonas rochosas, fina area dourada e ondas moderadas.





# Oza

A praia de Oza é unha praia mediana da cidade da Coruña, moi resgardada do vento e das ondas. A súa area é branca e fina, e apenas hai oleaxe, un lugar tranquilo e moi seguro para o baño no que ademais poderás gozar de deportes como a vela ou o paddle surf e, se tes sorte, ver algún que outro arroaz.



# Adormideras

Adormideras é un pequeno areal urbano na Coruña, moi tranquilo e resgardado. A súa fina area e as súas augas son moi limpas, con oleaxe moderada e vento suave, ideal para un bo chapuzón no verán.





# Que podemos encontrar...?





# Gaivota patiamarela

## Larus michahellis

ESP: Gaviota patiamarilla | ENG: Yellow-legged gull | POR: Gaivota-argêntea

Ave que podes atopar en toda a cidade, xa que adoitan vivir en cidades costeiras. Ten coidado se deixas soa a túa merenda, pois tamén pode querer comela!



# Golfo

## Saccorhiza polyschides

ESP: Argazo bravo o golfo | ENG: Furbellow | POR: Golfo

Alga de cor marrón que podes atopar facilmente nas costas e praias. No fondo do mar forma bosques xunto con outras algas que serven de fogar para outros animais.

[Link](#) - Atribución: [Baralocco](#), [CC BY-SA 3.0](#), vía Wikimedia Commons



# Leitugas de mar

## Ulva spp.

ESP: Lechugas de mar | ENG: Sea lettuces | POR: Alfaces-do-mar

Son algas de cor verde ás que se lles chama «leitugas de mar». Poden encontrarse tanto no mar como en ríos ou lagos, e teñen formas diferentes: fíos, láminas, etc.





# Estruga de mar

## Actinia equina

ESP: Tomate de mar | ENG: Beadlet anemone | POR: Morango-do-mar

Moita xente pensa que é unha planta, pero en realidade é un animal, como os corais. Podes chamalo anémona. Seguramente a atoparás pegada coa súa ventosa ás rochas, mostrando os seus tentáculos cando está baixo a auga.

[Link](#) - Atribución: [O. Nevestveit](#), [CC BY-SA 4.0](#), vía Wikimedia Commons



# Cangrexo común

## Carcinus maenas

ESP: Cangrejo verde o común | ENG: Green crab | POR: Caranguejo-verde

Este cangrexo é moi común en moitas partes do mar. Podes atopalo escondido na area ou entre as rochas. É moi resistente e pode sobrevivir duras condicións do mar.



# Ourizo de mar

## Paracentrotus lividus

ESP: Erizo de mar | ENG: Stony sea urchin | POR: Ouriço verde

Animal mariño de cor morada que se defende coas súas espiñas. Este animal garda moitas sorpresas, como a súa boca, formada por cinco dentes.

[Link](#) - Atribución: [Frédéric Ducarme](#), [CC BY-SA 4.0](#), vía Wikimedia Commons





# 5

# BIBLIOGRAFÍA



- Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. Guía de Turismo Ornitológico. Turismo de Galicia. Xunta de Galicia. 2020. Recuperado 1 de agosto de 2024, de [link](#)
- Dónde ver aves. Coruña Sostenible. Concello da Coruña. 2024. Recuperado 1 de agosto de 2024, de [link](#)
- Información de praias de [link](#)
- Islas de San Pedro. Coruña Sostenible. Concello da Coruña. 2024. Recuperado 1 de agosto de 2024, de [link](#)
- Pesca de Galicia. Consellería do Mar. Xunta de Galicia. 2024. Recuperado 1 de agosto de 2024, de Pesca de Galicia - Plataforma tecnolóxica da pesca
- DECRETO 2020/62, do 8 de abril, polo que se aproba o Plan de conservación do espazo natural de interese local Illas de San Pedro (A Coruña). Diario Oficial de Galicia (DOG). Xunta de Galicia. 2020. Recuperado 1 de agosto de 2024, de [link](#)
- Biodiversidade mariña do golfo Ártabro (A Coruña) 50 aniversario del Centro Oceanográfico de A Coruña. Instituto Español de Oceanografía (IEO) - Ministerio de Ciencia e Innovación. 2021. Recuperado 1 de agosto de 2024, de [link](#)
- 50 años, 50 especies. Guía Conmemorativa de los 50 años del IEO en A Coruña. Instituto Español de Oceanografía (IEO) - Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades. 2018. Recuperado 1 de agosto de 2024, de [link](#)
- Ministerio para a Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico (Miteco). 2024. Recuperado 1 de agosto de 2024, de [link](#)
- Proxecto Coruña Litoral 21. Coruña Sostible. Concello da Coruña. 2005. Recuperado 1 de agosto de 2024, de [link](#)
- Bandeira Azul. Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor (ADEAC). 2024. Recuperado 1 de agosto de 2024, de [link](#)
- Coruña Sostible. Concello da Coruña. 2024. Recuperado 1 de agosto de 2024, de [link](#)
- SEO Birdlife. 2024. Recuperado 1 de agosto de 2024, de [link](#)
- Taxonomy. National Center for Biotechnology Information (NCBI). 2024. Recuperado 1 de agosto de 2024, de [link](#)
- Catalogue of Life. 2024. Recuperado 1 de agosto de 2024, de [link](#)
- Castroviejo, S. (coord. gen.). 2012-1986. Flora ibérica 21 ,18-17 ,15-10 ,8-1. Real Jardín Botánico, CSIC, Madrid.
- Castroviejo, S. (coord. gen.). 2012-1986. Flora ibérica 21 ,18-17 ,15-10 ,8-1. Real Jardín Botánico, CSIC, Madrid.
- Enciclopedia virtual dos vertebrados españois. Museo Nacional de Ciencias Naturales. Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC). 2024. Recuperado 1 de agosto de 2024, de [link](#)
- Asturnatura. 2024. Recuperado 1 de agosto de 2024, de [link](#)
- Fundación CRAM. 2024. Recuperado 1 de agosto de 2024, de [link](#)
- Herbari Virtual del Mediterrani Occidental. Universitat de les Illes Balears. 2024. Recuperado 1 de agosto de 2024, de [link](#)
- Fichas Micológicas. Asociación cultural "Baxauri". 2024. Recuperado 1 de agosto de 2024, de [link](#)
- World Register of Marine Species (WORMS). Flanders Marine Institute (VLIZ). 2024. Recuperado 1 de agosto de 2024, de [link](#)
- Bellmann, H. (2017). Guía de las Mariposas de Europa. Barcelona: Omega.
- Froese, R. and D. Pauly. Editors. FishBase. 2024. Recuperado 2 de agosto de 2024, de [link](#)
- European Commission. Commercial designations of fishery and aquaculture products. 2024. Recuperado 2 de agosto de 2024, de [link](#)
- Aves de Portugal. 2024. Recuperado 2 de agosto de 2024, de [link](#)
- Hayward, P. J. & Ryland, J. S. (Ed.) (1995). Handbook of the marine fauna of north west Europe. Oxford University Press Inc., New York, United States of America. 800 pp.



# EXPLORA A COSTA CORUNESA

coa guía da aventura!

GUÍA ENMARCADA NO PROXECTO DE CREACIÓN E PRODUCCIÓN DE DÚAS GUÍAS DIXITAIS DESTINADAS Á DIVULGACIÓN E ELABORACIÓN DOS RECURSOS NATURAIS E AMBIENTAIS DO COSTA MUNICIPAL DA CORUÑA, SUBVENCIONADAS POLA XUNTA DE GALICIA DENTRO DO MARCO, DA TRANSFORMACIÓN E RECUPERACIÓN DA PLANIFICACIÓN E RECUPERACIÓN. FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-PROXIMA XENERACIÓN.